

## INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA

### ENTREGA MEDALLAS CASTELAO

*Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2025*

Bos días a todos e todas.

Nos anos que seguiron á caída do muro de Berlín, percorreu o mundo unha corrente intelectual que defendía que a Historia xa rematara.

**Segundo aquel pensamento, os conflitos ideolóxicos xa non tiñan sentido e que nos aproximabamos a unha época marcada polo consenso en torno ás ideas do liberalismo, a democracia e o internacionalismo.**

- **As fronteiras, e en certa medida tamén as identidades, convertíanse así en vestixios do pasado condenados a fundirse.**

Tres décadas despois, situámonos nun escenario ben distinto ao que auguraban aqueles optimistas dos primeiros 90.

Os intereses nacionais volven agromar con forza, deixando claro que **o mundo está aínda moi lonxe de ser movido pola forza da unanimidade e os grandes acordos.**

Nun tempo caracterizado polas incertezas e o derrubamento de moitos dos principios que dabamos por indiscutibles, eventos coma este cobran unha importancia moi singular.

**As Medallas Castelao demostran, ano tras ano, que a identidade galega non está marcada polo conflito, senón polo acordo.**

- **Que mentres noutros lugares do mundo a cohesión social se dissolve e o individualismo se impón, en Galicia aínda somos quen de tecer consensos.**
- Agardo que sexa así por moito tempo máis.

Os valores compartidos son os que dan sentido e fan grande a unha sociedade.

O aprecio polo noso e o respecto polo alleo e a certeza de que a prosperidade de Galicia pode e debe defenderse sen lastrar a outros pobos son ideas que hoxe en día asume unha parte inmensa das persoas que vivimos aquí.

As catro décadas (41 anos) que separan a chegada dos restos de Castelao a Galicia da celebración deste evento son a crónica da madurez dunha comunidade autónoma con referentes e símbolos compartidos por todos.

A celebración, neste 2025, do Ano Castelao é unha boa mostra do que somos e do que podemos facer.

- Esta efeméride **non se organiza contra ninguén, senón a favor da memoria** dun dos nosos bos e xenerosos.
- O Ano Castelao **non procura reabrir feridas, senón seguir artellando puntos de unión entre galegos** que pensan distinto.
- No **75º cabodano da morte de Castelao** non se esixe nin sequera unha visión e lectura única da obra e do pensamento deste rianxeiro universal. Cadaquén pode vivilo á súa maneira.
- o E lonxe de ser unha debilidade, esa pluralidade é unha das nosas grandes fortalezas.

Esta mesma semana,

- inaugurouse na capital de Galicia unha **exposición inmersiva sobre a figura de Castelao,**
- renovouse a **cátedra de investigación e divulgación sobre a súa figura**
- e presentouse a **dixitalización dos documentos do anteproxecto do primeiro Estatuto de Autonomía de Galicia,** aprobado tamén un 28 de xuño do triste ano 1936.

- Tamén se estreou a **última fase dunha estación intermodal que recibirá co nome de Castelao** a cada viaxeiro que chegue por autobús ou tren a Santiago.

Todo isto demostra que **a popularización da figura de Castelao non a baleirou de contido, senón todo o contrario. Fíxoo parte do noso ADN.**

Desde esa consciencia, as Medallas Castelao recoñecen a persoas e institucións que, desde traxectorias vitais e profesionais moi diversas, contribuíron a **engrandecer "a fe na cultura, na historia e no ser dun pobo", o noso.**

Poucos embaixadores da nosa música e da nosa cultura exerceron o seu labor con tanta intensidade coma **Luar na Lubre.**

- **Desde a súa creación, cando Castelao levaba xa dous anos repousando neste Panteón,** este grupo foi **esencial para lograr que os galegos nos percibísemos e fósemos percibidos como herdeiros da tradición celta.**
- Se **modernizar o noso folklora parecía en 1986 unha loucura,** hoxe é unha necesidade é grazas en parte a Luar na Lubre.
- Grazas ao seu **incansable percorrido por máis de 50 países,** hoxe moitos outros renovadores da nosa música tradicional enchen salas de concertos e actúan en festivais cuxa temática sobrepasa con moito o puro folk.
- A medida da súa pegada en Galicia está na **inclusión no dicionario da Real Academia Galega dunha palabra, "lubre",** que eles rescataron dos estudos literarios para inserila no patrimonio colectivo.

Un labor moi semellante foi o que realizou, no ámbito das nosas letras, **Víctor Fernández Freixanes.**

- Desde que, antes mesmo da chegada de democracia, presentou en sociedade a "Unha ducia de galegos" que para moitos galegos eran ata entón descoñecidos, **chamar a Freixanes só "escritor" é quedar moi curto.**

- Este pontevedrés **entendeu como poucos a importancia que terían as industrias culturais na plena normalización da nosa lingua.**
- Por iso, ademais de ser el mesmo un excelente narrador, axudou a outros moitos a chegar ás librarías grazas ao seu **labor como editor**: primeiro en **Xerais**, despois en **Alianza** e por último —como cabería esperar— nunha casa que para Galicia é moito máis que unha simple editorial: **Galaxia**.
- Desde que cheguei á Presidencia da Xunta, atopei en Víctor Fernández Freixanes un **interlocutor privilexiado á fronte da Real Academia Galega**.
- O seu legado, máis alá dos seus moitos logros nesta institución, é **o seu estilo: o diálogo, o pragmatismo e o respecto ás institucións** que estou seguro que continuarán co seu sucesor, Henrique Monteagudo.
- Sobre eses piares poderemos construír mil primaveras máis para a lingua galega.

**Emilio Pérez Nieto** é un deses empresarios con maiúsculas, que viven o seu labor cun entusiasmo e unha enerxía contaxiosos.

- Asumiu a empresa familiar cando tiña só 23 anos (non lles vou dicir cando tempo pasou desde entón<sup>1</sup>) e **logrou converter Pérez Rumbao nun referente do sector da automoción**, que tantas alegrías leva dadas e seguirá dando a Galicia.
- Cando desde certos sectores hai tanto interese en devaluar a cultura do esforzo, é necesario remitirse a alguén que sabe do que fala, a Emilio, e a **unha das frases que máis repite: "Cando un traballa nótase, pero cando non traballa nótase máis"**. Nada nesta vida vén gratis nin chega mentres un descansa.
- Outra das súas sentenzas resume á perfección esa combinación de afecto e profesionalidade que caracteriza ás empresas familiares galegas: **"As decisións empresariais pódense falar na mesa camilla, pero decídense na oficina"**.

---

<sup>1</sup> 60 anos: agora ten 83

- Con esa filosofía estou seguro de que **as empresas familiares galegas, cuxa pegada se fai notar por todo o mundo, seguirá colleitando éxitos durante moitos anos.**

O recoñecemento a **Rosa Rodríguez Álvarez**, aínda que leve o seu nome e o recolla ela, é para compartir. Rosa é un **símbolo da atención primaria eficaz, próxima e humana que estamos a construír.**

- Esta medalla tamén é para **Gena** (a enfermeira que sempre a acompañou), para os **profesionais de Adormideras**, e para os milleiros de profesionais que atenden na porta de entrada á Sanidade pública, que son os centros de saúde.
- Entre todos construímos **un edificio de moitos quilates, que é o noso sistema sanitario.** Debemos valoralo e utilizalo con responsabilidade, tamén –por suposto– reforzalo.
- Cada día vívense nel centos de historias de éxito, que quedan resumidas en todas as **bágoas de emoción que presidiron a despedida de Rosa na súa xubilación.**

O valor e a importancia do noso sistema de coidados demóstrase tamén na atención á **esclerose lateral amiotrófica.**

- ELA eran unhas siglas que antes significaban desesperanza e en moitos casos, abandono. Hoxe son algo moi distinto.

**A forma na que a sociedade galega asumiu o compromiso na atención aos doentes de ELA e as súas familias di moito da calidade humana da nosa xente.** A loita que durante moitos anos foi só de **Agaela** e as familias, hoxe é de todos.

- **Galicia foi a primeira comunidade en ofrecer axudas ás persoas con ELA, que hoxe reciben 200 galegos.**
- **Tamén en acelerar o seu diagnóstico e a súa incorporación ao sistema de dependencia.**

- O **noso exemplo propagouse máis alá do Padornelo** e agardo que moi pronto todas as institucións de España entendan que os doentes e as súas familias non teñen tempo para palabras baleiras. Necesitan feitos e apoio.
- **Castelao deixou escrito: "Nós non somos separatistas, nin de Hespaña, nin de Europa nin do mundo"**.

Máis alá de lecturas políticas, esta frase agocha unha **mensaxe clave para entender a nosa identidade**:

- A **vocación de Galicia é aprender do que se fai ben noutros lugares** e tamén, humildemente, **ser referentes no que aquí sabemos facer con xeito, que é moito**.

Entre outras cousas, **queremos ser exemplo de concordia, de consensos e de unidade, agora que son máis necesarias que nunca**. En todo iso consiste esta celebración, de todo iso son exemplo os nosos premiados.

**As medallas Castelao, ao igual que o inmortal rianxeiro que lles dá nome, son patrimonio de todos os galegos. Que así siga sendo.**